

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMS	Imaxe e son	CMIMS01	Vídeo disc-jockey e son	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1304	Toma e edición dixital de imaxe	2023/2024	9	240	288

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	OLALLA COCIÑA LOZANO,ROBERTO EDUARDO MOÑINO LEIS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Na elaboración deste documento atenderanse as directrices establecidas nas diferentes normas legais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo esta administración da competencia plena no regulamento e a administración do ensino no territorio, dacordo co artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

- A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, que nace coa intención de ordenar un sistema integral de formación profesional (FP) que responda ás demandas sociais e económicas, vinculando a oferta formativa ás competencias profesionais establecidas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, que introducen modificacións na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, e que determina nos seus capítulos III e IV, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos dos ciclos formativos.
- O Real Decreto 1147/2011 do 29 de xullo, que no seu artigo 8 establece a competencia das administracións educativas de cada Comunidade Autónoma na adaptación dos contidos dos títulos conforme á realidade socioeconómica da súa rexión.
- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Real Decreto 556/2012, do 23 de marzo, polo que se establece o título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- 4- O Decreto 200/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son, ao que se remite este documento.
- A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Dacordo co currículo, a competencia xeral adquirida co título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son consiste en realizar sesións de animación musical e visual en vivo e en directo, a captación, a mestura directa, a gravación e a reprodución de son en todos os tipos de proxectos sonoros. O perfil profesional do título, enclávase no sector terciario, amosando profesionais capaces de exercer a súa actividade nos sectores do son, o audiovisual e o espectáculo, sendo as ocupacións máis comúns dos titulados as de axudante de son en televisión, microfonista de cine e vídeo, microfonista de concertos musicais, microfonista de espectáculos escénicos, axudante de

montaxe de son en cine, disc-jockey, vídeo-jockey, vídeo disc-jockey, light-jockey e retocador/a fotográfico/a dixital.

O sector produtivo implicado, o da industria audiovisual e do espectáculo, caracterízase por contar cun 90% de empresas cunha plantilla de menos de dez traballadores, un alto nivel de contratación temporal, e unha elevada porcentaxe de traballadores autónomos. Nos últimos anos, ven de experimentar ademais unha profunda transformación da man da evolución tecnolóxica. A dixitalización e a mellora das capacidades de difusión na rede, traducíronse en importantes cambios na maneira de consumir, pero tamén de producir. Por un lado trouxo consigo un abaratamento dos custos que redundou nun importante incremento no número de empresas adicadas á produción, e por outro lado, provocou a adopción dunha fórmula multimedia, o que implica a necesidade de formar traballadores polivalentes, cualificados para desenvolverse nos diferentes ámbitos mencionados, a fin de facilitar a súa inserción laboral.



No ámbito produtivo máis próximo, entre as empresas máis vinculadas ao ciclo a través da súa colaboración na FCT, destacan as empresas adicadas á loxística de eventos audiovisuais, sonorización, iluminación e instalación de escenarios, como Kachet ou Froq; os estudos fotográficos, adicados principalmente á fotografía de eventos, como Filmate; as salas de concertos, como Capitol; as produtoras audiovisuais como La Esponja ou Tamboura; e as empresas de produción e animación de eventos como La Gramola e Mínimo Eventos. Un conxunto de empresas moi diverso, que a maiores disto vai ampliando periodicamente a súa oferta de servizos, o que nos dá unha idea da importancia de formar traballadores polivalentes e autónomos.

O módulo MP1304 Toma e edición dixital de imaxe ao que se refire a presente programación didáctica, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais c) e d) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais c) e d), desenvolvendo un amplo abano de funcións, que van desde a captación até a edición e manipulación de imaxes tanto fixas como en movemento, sendo os ámbitos da produción de eventos sociais ou a publicidade, dous dos máis intimamente ligados ao módulo.

Cunha duración de 240 horas, que o convirten no segundo módulo de maior peso do ciclo trala Formación en Centros de Traballo, o módulo de Toma e edición dixital de imaxe exerce un importante papel de soporte teórico-práctico da vertente visual do ciclo, ámbito que comparte cos módulos MP1301 Preparación de sesións de vídeo disc-jockey, e MP1303 Animación visual en vivo. Este papel debe entenderse como unha mostra da importancia do módulo dentro do ciclo, e tradúcese na obriga de establecer sinerxías cos módulos mencionados a través dun enfoque interdisciplinario do que se beneficie o alumnado, atendendo simultaneamente cuestións tanto técnicas como expresivas. Con tal intención deseñouse esta programación, cuxa finalidade é a consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado, sen deixar de lado un aspecto tan importante para a súa futura autonomía como é a creatividade.

En canto ao contexto educativo, a presente programación deseñouse para ser impartida no Instituto de Educación Secundaria Arcebispo Xelmírez 1, de Santiago de Compostela, ubicado no Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela, e no que se imparten ensinanzas de ESO, Bacharelato e FP básica e media, en réxime de ordinario e adultos.

Desde o punto de vista socioeconómico, entorno a un 75% do seu alumnado reside nun espazo urbano, dentro da cidade ou en localidades limítrofes á mesma. Nos últimos dez anos, o centro pasou dun alumnado tradicionalmente ubicado en familias de clase media, a un procedente de estratos sociais moi diversos, con alternancia na situación económica familiar propiciada pola inestabilidade laboral derivada das crises económica e sanitaria.

No referente á situación sociolingüística, cerca dun 80% afirma empregar o castelán como primeira lingua, máis do 85% afirma entender perfectamente as clases en galego, e apenas un 1% asegura non sentirse seguro falando calquera das dúas linguas. Para este alumnado o centro prevé medidas especiais relacionadas coa atención individualizada e a entrega de materiais adaptados. É preciso mencionar tamén a diversidade cultural, racial e ideolóxica do estudantado, unha cualidade que desde o propio centro se aproveita para orientar o seu traballo cara a unha educación crítica, reflexiva, solidaria, tolerante e participativa, e que se adoptou como propia para a súa incorporación a esta programación a través de tres actividades onde se trata a educación en valores, en aspectos como o a defensa do medio ambiente, a loita contra a violencia de xénero e a tolerancia e respecto entre culturas.

Por último o IES Arcebispo Xelmírez 1 establece unha serie de principios que conforman a identidade do centro, estes son: un ensino útil para a vida, para a convivencia, en valores, democrático, sen exclusións e coas súas raíces no país e na sociedade á que serve.

No caso máis concreto do alumnado do Ciclo Medio ao que se refire esta programación, a súa procedencia exténdense a outras áreas máis lonxanas, tanto rurais como urbanas, sendo as bisbarras do interior da provincia da Coruña, a Ría de Muros e Noia, e a Ría de Arousa, os lugares de orixe da meirande parte deles. Neste sentido compre sinalar, por un lado, que unha porcentaxe significativa dos alumnos do ciclo reside fora da vivenda familiar, mentres que un número non menor deles fai importantes esforzos para asistir a diario ás aulas desde moitos kilómetros de distancia, feitos estes que inciden en aspectos tales como a falta de tempo libre ou a limitación de recursos tecnolóxicos, especialmente no que se refire á capacidade de acceso á rede. É por isto que na medida do posíbel, as tarefas académicas levaranse a cabo nas instalacións e cos materiais e equipos dispoñíbeis no centro educativo.

Por último, a gran maioría dos alumnos, aspira a seguir cos seus estudos accedendo a un Ciclo Superior da mesma rama, sendo a realización, a iluminación e o son o principal foco de interese. Poucos son os alumnos que expresan o seu interese por acceder ao mundo laboral tras finalizar o Ciclo Medio.

Esta programación didáctica redactouse sendo conscientes desta realidade, sen deixar de prestar atención á finalidade última da FP, que non é outra que dotar ao alumnado das competencias necesarias para desenvolverse laboralmente nun ámbito produtivo concreto. Isto tradúcese por un lado, no deseño de actividades de ensino-aprendizaxe, destinadas a motivar e despertar o interese dun alumnado diverso, integrando ámbitos como a fotografía, o cine, a música, a animación, o videoarte, o deseño, etc. desde un enfoque orixinal e innovador, e ao mesmo tempo a traballar aspectos fundamentais no contexto laboral como son a autonomía e a creatividade; e por outro lado, na adopción de múltiples recursos didácticos que axuden a dotar de dinamismo ás clases, favorecendo un clima de participación e colaboración do que se beneficie cada un dos integrantes da aula.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Técnica na toma fotográfica	Análise das técnicas de enfoque, exposición e iluminación, de aplicación na práctica fotográfica.	50	16
2	Arte na toma fotográfica	Achegamento ao arte da composición fotográfica.	49	14
3	Captación e visualización da imaxe dixital	Definición da imaxe dixital e análise do funcionamento e axuste de escáneres, monitores e proxectores de imaxe dixital.	18	5
4	Edición correctiva de imaxes raster	Estudo das técnicas de edición dixital e catalogación de imaxes ráster mediante as aplicacións Adobe Photoshop e Bridge CC.	54	23
5	Edición manipulativa de imaxes raster	Análise das ferramentas e técnicas de composición empregadas na fotomontaxe dixital de imaxes ráster mediante Adobe Photoshop CC.	24	9
6	Edición creativa de imaxes vectoriais	Achegamento ás técnicas de edición dixital e tratamento de imaxes vectoriais co Adobe Illustrator CC.	12	3

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
7	Técnica e arte na toma videográfica	Análise das técnicas aplicadas no rexistro de imaxes de vídeo e achegamento á linguaxe audiovisual.	42	18
8	Montaxe e edición dixital de vídeo	Estudo das técnicas de montaxe e edición dixital de vídeo mediante a aplicación Adobe Premiere CC.	39	12

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Técnica na toma fotográfica	50

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra imaxes fotográficas e de vídeo para pezas de animación musical e visual, potenciando a súa expresividade mediante recursos da linguaxe audiovisual e tendo en conta que será difundido simultaneamente cun estilo de música e uns efectos de luminotecnia da sesión.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Determinouse o soporte de gravación ou captura onde se vaian almacenar as fotografías ou pezas de vídeo que se vaian rexistrar.
CA2.2.1 Determinouse o soporte de gravación ou captura onde se vaian almacenar as fotografías que se vaian rexistrar.
CA2.5 Axustáronse na cámara fotográfica ou de vídeo o tamaño de imaxe en píxels, a relación de aspecto, o número de imaxes por segundo, o formato progresivo ou entrelazado, o tipo de compresión e o formato de gravación, respecto ás necesidades da toma.
CA2.5.1 Axustáronse na cámara fotográfica o tamaño de imaxe en píxels, a relación de aspecto, o tipo de compresión e o formato de gravación, respecto ás necesidades da toma.
CA2.6 Axustáronse os parámetros de temperatura de cor, diafragma e obturación, distancia focal e enfoque en cámaras de vídeo e fotográficas, en relación coa iluminación da escena que se vaia captar.
CA2.6.1 Configurouse a cámara fotográfica para acadar unha imaxe tecnicamente correcta en relación coa iluminación da escena que se vaia captar.
CA2.6.2 Axustáronse os parámetros de temperatura de cor, diafragma e obturación para modificar a profundidade de campo, o movemento ou a cor da luz da escena que se vaia captar.

Criterios de avaliación
CA2.6.3 Identifícaronse os efectos do axuste da temperatura de cor, diafragma e obturación, distancia focal e enfoque sobre a escena que se vaia a captar.
CA2.7 Dispuxéronse os recursos de iluminación necesarios para adecuar as condicións lumínicas da escena aos dispositivos de captura fotográfica ou de vídeo.
CA2.7.1 Axustáronse a distancia e potencia das fontes de iluminación para adecuar as condicións lumínicas da escena aos dispositivos de captura fotográfica.
CA2.7.2 Dispuxéronse os recursos de iluminación necesarios para acadar unha óptima reprodución das características superficiais ou materiais dos obxectos fotografados.
CA2.7.3 Explicáronse as características e usos das fontes e accesorios empregados para adecuar as condicións lumínicas da escena no estudo fotográfico.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Tipoloxía e características das cámaras fotográficas: formatos, tipos e tamaños de sensores. Relacións de aspecto. Tipos de ficheiro admitidos e compresións. Gama de índices de exposición. Velocidades de obturación e efectos sobre a imaxe.</p> <p>Tipoloxía e características de obxectivos fotográficos.</p> <p>Operación de cámaras fotográficas: relacións entre sensibilidade, iluminación, velocidades de obturación e diafragma. Composición do encadramento. Técnicas de instantánea, de retrato e de captación de obxectos ou persoas en movemento.</p> <p>Axuste de condicións lumínicas.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Arte na toma fotográfica	49

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra imaxes fotográficas e de vídeo para pezas de animación musical e visual, potenciando a súa expresividade mediante recursos da linguaxe audiovisual e tendo en conta que será difundido simultaneamente cun estilo de música e uns efectos de luminotecnia da sesión.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as imaxes fotográficas e de vídeo orixinais, para proceder á súa captura, tendo en conta a relación das imaxes coa iluminación da sala.
CA2.1.1 Determináronse as imaxes fotográficas orixinais, para proceder á súa captura, tendo en conta a relación das imaxes coa iluminación da sala.
CA2.3 Definiuse a posta en escena e os planos en función do proxecto.
CA2.3.1 Definiuse a posta en escena e os planos en función do proxecto fotográfico.
CA2.4 Organizáronse no encadramento da toma os elementos e as persoas participantes, en relación co punto de vista da cámara de vídeo ou fotográfica e o estilo musical da proxección.
CA2.4.1 Organizáronse no encadramento da toma os elementos e as persoas participantes, en relación co estilo da reportaxe.
CA2.8 Rexistráronse con cámara de vídeo e/ou fotográfica as imaxes destinadas á sesión de animación visual, e introducíronse os metadatos coa información necesaria para a súa identificación.
CA2.8.1 Rexistráronse con cámara fotográfica as imaxes destinadas á sesión de animación visual.
CA2.8.2 Introducíronse os metadatos coa información necesaria para a identificación das imaxes rexistradas.
CA2.9 Localizouse o espazo onde se vaia realizar o rexistro de vídeo ou imaxe.
CA2.9.1 Localizouse o espazo onde se vaia realizar o rexistro de imaxe.
0CA2.10 Describíronse as características dos equipos máis empregados no estudo fotográfico e as súas aplicacións.

4.2.e) Contidos

Contidos
Cámaras dixitais e tags específicos de metadatos (exif e IPTC).
Identificación de imaxes e edición de etiquetas de metadatos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Captación e visualización da imaxe dixital	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Axusta e configura dispositivos de visualización, dixitalización e captura, e procede á conversión dixital de imaxes fixas a partir de orixinais analóxicos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Calibráronse os dispositivos de visualización, dixitalización e captura, en condicións normalizadas, garantindo a estabilidade na resposta e a repetitividade dos resultados para cada configuración.
CA1.2 Determinouse a calidade da imaxe ofrecida polos dispositivos de visualización, atendendo a criterios técnicos, realizando medicións de valores cromáticos (de monitores, pantallas e videoproxectores) e empregando cartas de axuste, baterías de probas e inst
CA1.3 Configúranse os dispositivos, procedendo ao axuste e a xestión de cor en distintos contornos gráficos e aplicacións, almacenando e activando os perfís de cor necesarios.
CA1.4 Organizouse o espazo de traballo para configuracións de múltiples monitores e escritorios virtuais, e axustáronse as condicións de iluminación ambiental e o control de reflexos, cumprindo a normativa aplicable de traballo con pantallas de visualización.
CA1.5 Axustáronse os dispositivos de dixitalización e captura, empregando aplicacións específicas, cartas de cor, patróns estándar ou cuñas propias.
CA1.6 Dixitalizáronse e capturáronse os orixinais analóxicos co encadramento, a escalaxe e a resolución axeitadas, empregando os equipamentos (escáner e cámara fotográfica) e o software necesario, e valorouse a calidade do resultado.

4.3.e) Contidos

Contidos
Calibración, axuste e configuración dos dispositivos de visualización: espazo de traballo.
Características técnicas dos dispositivos de visualización (pantallas, videoproxectores, etc.).
Traballo con pantallas de visualización de datos (PVD): aspectos ergonómicos e normativa aplicable de seguridade. Condicións de iluminación ambiental e control de reflexos. Calidade da imaxe das pantallas.
Percepción, interpretación e xestión da cor: variables físicas. Cores normalizadas e sistemas de clasificación. Síntese aditiva e substractiva; modelos de cor. Xestión da cor en contornos gráficos e aplicacións. Perfís IC. Normas UNE e ISO para a específico

Contidos
Calibración, axuste e caracterización dos dispositivos de dixitalización: configuración e control de calidade da dixitalización. Parámetros de dixitalización.
Características dos dispositivos de dixitalización e captura: características dos escáners de opacos e transparencias. Tecnoloxías de dixitalización e captura. Dixitalización de orixinais analóxicos con escáners. Técnicas de captura de orixinais planos co
Características da dixitalización dos soportes analóxicos de imaxe fixa. Avaliación técnica da calidade da imaxe dixitalizada. Rexistro de defectos e anomalías en follas de control de calidade.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Edición correctiva de imaxes raster	54

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o tratamento dixital de imaxes de mapa de bits, valorando as súas características e empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque de imaxe fixa.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Determináronse as características das imaxes fixas requiridas para a elaboración do material visual a partir de guiños técnicos, storyboard, especificacións, maquetas e ordes de produción.
CA3.2 Corrixíronse dominantes de cor, defectos e outras anomalías dos orixinais analóxicos de imaxe fixa, axustando o modo e a profundidade de cor, a resolución, as dimensións e o formato mediante a aplicación específica de escanaxe ou de tratamento dixital.
CA3.2.1 Axustáronse o modo e a profundidade de cor, a resolución, as dimensións e o formato mediante a aplicación específica de escanaxe.
CA3.2.2 Corrixíronse dominantes de cor, defectos e outras anomalías dos orixinais analóxicos de imaxe fixa, mediante a aplicación específica de tratamento dixital.
CA3.3 Realizáronse os axustes necesarios de contraste, equilibrio de gris, brillo e saturación, adaptando o resultado ás características do medio ou soporte final das imaxes.
CA3.4 Elimináronse defectos, impurezas e elementos non desexados, empregando técnicas e ferramentas de retoque dixital de imaxes.
CA3.5 Adaptáronse e axustáronse as imaxes ás características técnicas do medio ou soporte final, garantindo, de ser o caso, o rexistro espazo-temporal e a continuidade das secuencias de imaxes fixas necesarias para a elaboración do material visual.
CA3.6 Xeráronse imaxes sintéticas, tales como fractais e funcións caóticas iterativas, empregando técnicas de procesamento e xeración algorítmica de imaxes.

Criterios de avaliación
CA3.7 Sistematizouse o proceso de catalogación, nomenclatura e almacenamento das imaxes.
CA3.8 Realizáronse probas intermedias e finais, lanzando o ficheiro dixital obtido e comprobando a súa correcta visualización ou impresión.
CA3.9 Interpretouse correctamente a información contida nunha imaxe de mapa de bits a partir dos datos extraídos de histogramas, curvas, valores RGB, CMYK, de escala de grises ou outros.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Transformacións, correccións de niveis e equilibrio de cor: espazos de cor. Resolución (píxels), profundidade de cor (bits) e tamaño de ficheiro. Separación e mestura de canles. Modos de escala de grises, cor verdadeira e cor indexada. Axustes de contrast</p> <p>Tratamento e retoque dixital de imaxes: corrección de defectos e anomalías, rexistrados e de orixe técnica. Ferramentas de convolución (enfoque e desenfoque). Realce, afiadura e desparasitaxe. Técnicas e ferramentas de debuxo e pintura. Técnicas e ferrame</p> <p>Adaptación e axuste das imaxes dixitais ao medio ou soporte final: cuantización da cor do píxel e niveis discretos de representación. Formatos axeitados de almacenamento de ficheiros.</p> <p>Algoritmos e formatos de compresión de imaxes fixas. Soportes de almacenamento dixitais.</p> <p>Xeración e procesamento de imaxes sintéticas por computador: software de xeración e procesamento de imaxes. Xeración de imaxes fractais e funcións caóticas iterativas. Xeración algorítmica de imaxes, fondos, tramas e texturas.</p> <p>Realización de probas de visualización e impresión. Tiras de proba, parches, elementos de rexistro e escalas. Probas de reprodución secuencial de series de imaxes. Condicións de exhibición en sesións de animación músico-visual.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Edición manipulativa de imaxes raster	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza fotomontaxes de imaxes de mapa de bits, utilizando técnicas e ferramentas específicas de montaxe e edición dixital de imaxe fixa.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Deseñouse a montaxe que se vaia realizar, determinando as imaxes que a compoñen e definindo o seu tratamento.
CA4.2 Modifícanse os elementos necesarios para a fotomontaxe, axustando o seu tamaño, a resolución e o modo de cor.
CA4.3 Axustáronse e harmonizáronse os fondos e os suxeitos da fotomontaxe que se vaia realizar, atendendo ás súas características de composición, dirección da iluminación, perspectiva (lineal e aérea), tamaño aparente, xustaposición, volume e enfoque diferencia
CA4.4 Organizáronse en capas os elementos da fotomontaxe para facilitar a edición e a composición, realizado as máscaras e os trazados necesarios.
CA4.4.1 Organizáronse en capas os elementos do collage para facilitar a composición, realizando as máscaras e os trazados necesarios.
CA4.4.2 Descríronse os usos e aplicacións das capas, máscaras, trazados e obxectos intelixentes empregados na edición de fotomontaxes.
CA4.5 Montáronse panorámicas de imaxes, empregando puntos de control, para establecer conexións entre as imaxes sobre o plano de proxección, e corrixindo, de ser o caso, erros de paralaxe.
CA4.6 Realizouse a fusión dos elementos da fotomontaxe de xeito imperceptible, evitando os saltos pronunciados de gradación (aliasing) e empregando, entre outras, técnicas de remapeamento e interpolación.

4.5.e) Contidos

Contidos
Composición e estrutura visual da imaxe: percepción do espazo e da profundidade. Procedementos artificiais de formación do espazo. Perspectiva mixta e efectos surrealistas ou fantásticos.
Técnicas e ferramentas para a fotomontaxe dixital de imaxes. Transformacións xeométricas. Corrección e axustes de perspectiva. Harmonización de fondos e suxeitos. Técnicas de trazado, selección e enmascaramento. Traballo con capas. Máscara de capa, máscar

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Edición creativa de imaxes vectoriais	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o tratamento e a edición de imaxes vectoriais, integrando elementos de distinta natureza e funcionalidade, e utilizando técnicas e ferramentas específicas de xeración, edición e tratamento vectorial.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Determináronse os elementos necesarios (gráficos, textos, símbolos, logotipos, etc.) para compor a imaxe vectorial, valorando a súa funcionalidade.
CA5.2 Trazáronse ou transformáronse en elementos vectoriais as imaxes de mapa de bits, establecendo, de ser o caso, os limiares de corte de luminosidade, límite de cores ou detección de bordos, e empregando técnicas e ferramentas de vectorización.
CA5.2.1 Empregáronse técnicas e ferramentas de vectorización para transformar en elementos vectoriais as imaxes de mapa de bits, establecendo, de ser o caso, os limiares de corte de luminosidade, límite de cores ou detección de bordos.
CA5.2.2 Sinálaronse as diferencias entre imaxe vectorial e de mapa de bits, indicando as vantaxes e desvantaxes do emprego dun ou outro tipo de imaxe e as súas aplicacións principais.
CA5.3 Realizáronse as correccións, as transformacións de cor e os efectos de volume nos trazados e nos recheos, empregando técnicas e ferramentas específicas de manipulación e axuste da cor.
CA5.4 Realizáronse as transformacións xeométricas (rotacións, translacións e escalaxes) e os efectos de perspectiva necesarios, empregando técnicas e ferramentas específicas de edición vectorial.
CA5.5 Adaptáronse as imaxes vectoriais obtidas ás características do medio ou soporte final, engadindo, de ser o caso, os nodos necesarios e aplanando as curvas Bézier para a súa exportación, como frames, a aplicacións de control de proxectores láser.

4.6.e) Contidos

Contidos
Imaxes e gráficos vectoriais. Principios e elementos do deseño: balance (simetría e peso visual), contraste, énfase, proporción, patróns, gradación e composición (estática e dinámica). Liña, forma, tamaño, espazo, cor, textura e saturación (valor).
Técnicas e ferramentas de tratamento e edición vectorial.
Técnicas e ferramentas de traballo con texto vectorial. Lexibilidade do contido textual: rótulos, titulares e corpo de texto. Edición de textos en trazados e formas.
Adaptación e axuste das imaxes vectoriais ao medio ou soporte final: formatos vectoriais nativos, de exportación e intercambio.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Técnica e arte na toma videográfica	42

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra imaxes fotográficas e de vídeo para pezas de animación musical e visual, potenciando a súa expresividade mediante recursos da linguaxe audiovisual e tendo en conta que será difundido simultaneamente cun estilo de música e uns efectos de luminotecnia da sesión.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as imaxes fotográficas e de vídeo orixinais, para proceder á súa captura, tendo en conta a relación das imaxes coa iluminación da sala.
CA2.1.2 Determináronse as imaxes de vídeo orixinais, para proceder á súa captura, tendo en conta a relación das imaxes coa iluminación da sala.
CA2.2 Determinouse o soporte de gravación ou captura onde se vaian almacenar as fotografías ou pezas de vídeo que se vaian rexistrar.
CA2.2.2 Determinouse o soporte de gravación ou captura onde se vaian almacenar as pezas de vídeo que se vaian rexistrar.
CA2.3 Definiuse a posta en escena e os planos en función do proxecto.
CA2.3.2 Definiuse a posta en escena e os planos en función do proxecto de vídeo.
CA2.4 Organizáronse no encadramento da toma os elementos e as persoas participantes, en relación co punto de vista da cámara de vídeo ou fotográfica e o estilo musical da proxección.
CA2.4.2 Organizáronse no encadramento da toma os elementos e as persoas participantes, en relación co punto de vista da cámara de vídeo e o estilo musical da proxección.
CA2.5 Axustáronse na cámara fotográfica ou de vídeo o tamaño de imaxe en píxels, a relación de aspecto, o número de imaxes por segundo, o formato progresivo ou entrelazado, o tipo de compresión e o formato de gravación, respecto ás necesidades da toma.
CA2.5.2 Axustáronse na cámara de vídeo o tamaño de imaxe en píxels, a relación de aspecto, o número de imaxes por segundo, o formato progresivo ou entrelazado, o tipo de compresión e o formato de gravación, respecto ás necesidades da toma.
CA2.5.3 Interpretáronse parámetros relacionados co sinal de vídeo como o tamaño de imaxe en píxels, a relación de aspecto, o número de imaxes por segundo, o formato progresivo ou entrelazado, o tipo de compresión e o formato de gravación.

Criterios de avaliación
CA2.6 Axustáronse os parámetros de temperatura de cor, diafragma e obturación, distancia focal e enfoque en cámaras de vídeo e fotográficas, en relación coa iluminación da escena que se vaia captar.
CA2.6.4 Axustáronse os parámetros de temperatura de cor, diafragma e obturación, distancia focal e enfoque en cámaras de vídeo, en relación coa iluminación da escena que se vaia captar.
CA2.6.5 Definíronse os parámetros empregados na técnica da gravación con cámara de vídeo, os seus usos e efectos sobre a escena.
CA2.7 Dispuxéronse os recursos de iluminación necesarios para adecuar as condicións lumínicas da escena aos dispositivos de captura fotográfica ou de vídeo.
CA2.7.4 Dispuxéronse os recursos de iluminación necesarios para adecuar as condicións lumínicas da escena aos dispositivos de captura de vídeo.

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Edición de metadatos de imaxes dixitalizadas.</p> <p>Tipoloxía, características e prestacións das videocámaras. Formatos de vídeo, compresións, codecs, e tipos e tamaños de sensores. Modalidades de código de tempo.</p> <p>Operación con videocámaras: técnicas de encadramento e enfoque; movementos de cámara; conexión de micrófonos e liñas; monitorización e axuste de niveis.</p> <p>Captación de secuencias de vídeo con fragmentación e posta en escena idóneas para pezas de animación visual: organización do espazo da toma. Ordenación de secuencias e planos.</p> <p>Guións, storyboard e especificacións técnicas en función dos condicionantes de produción</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Montaxe e edición dixital de vídeo	39

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Edita pezas visuais para sesións de animación músico-visual, aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas e de montaxe audiovisual relacionadas coas tendencias musicais.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Configúrase o proxecto na aplicación de secuenciación dinámica de gráficos e imaxes fixas ou de edición non lineal, considerando o formato adecuado ao material orixinal e á difusión final, e axustando parámetros de formato tales como tamaño de imaxe en p
CA6.1.1 Configúrase o proxecto na aplicación de secuenciación dinámica de gráficos e imaxes fixas ou de edición non lineal, considerando o formato adecuado ao material orixinal e á difusión final do loop de vídeo.
CA6.1.2 Axustáronse na aplicación de edición non lineal o tamaño da imaxe en píxels, relación de aspecto da imaxe e dos píxels, número de imaxes por segundo, formato progresivo ou entrelazado, tipo de compresión e opcións de audio.
CA6.2 Editáronse os clips de vídeo, as fotografías, os gráficos e os elementos sonoros na liña de tempo do programa de secuenciación dinámica ou de edición, realizando transicións entre planos e sincronizando, de ser o caso, a duración da imaxe co audio.
CA6.2.1 Montáronse os clips de vídeo e os elementos sonoros na liña de tempo do programa de secuenciación dinámica ou de edición, realizando transicións entre planos e sincronizando, de ser o caso, a duración da imaxe co audio.
CA6.2.2 Montáronse os clips de vídeo, os gráficos e a pista musical na liña de tempo do programa de secuenciación dinámica ou de edición, establecendo un bucle e sincronizando a duración da imaxe co audio.
CA6.2.3 Editáronse os elementos sonoros na liña de tempo do programa de secuenciación dinámica ou de edición, axustando os niveis de volume dos clips de audio para crear a banda sonora.
CA6.3 Xeráronse rótulos de diversos e estilos no titulador da aplicación de edición non lineal, predeterminando a súa integración coa imaxe no conxunto da edición.
CA6.4 Harmonizouse o ton e a cor do loop de vídeo definitivo que se vaia proxectar.
CA6.4.1 Manipulouse o ton e a cor do loop de vídeo definitivo que se vaia proxectar.
CA6.4.2 Harmonizouse o ton e a cor da peza audiovisual que se vaia publicar na rede.
CA6.5 Exportouse a serie de imaxes ou o loop de vídeo desde o programa de secuenciación dinámica ou de edición a un ficheiro co formato necesario, para a súa posterior exhibición.
CA6.5.1 Exportouse a serie de imaxes desde o programa de secuenciación dinámica ou de edición a un ficheiro co formato necesario, para a súa posterior publicación nunha plataforma de vídeo online.
CA6.5.2 Exportouse o loop de vídeo desde o programa de secuenciación dinámica ou de edición a un ficheiro co formato necesario, para a súa posterior exhibición nunha proxección pública de pezas de vídeoarte.
CA6.6 Diferenciouse entre edición lineal e non-lineal de vídeo, indicando as vantaxes e as diferentes etapas do fluxo lóxico de traballo na segunda.

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Configuracións de proxecto en aplicacións de secuenciación dinámica de gráficos e imaxes fixas e edición non lineal: características de formatos de vídeo en proxectos de edición.</p> <p>Opcións de importación de clips de vídeo, imaxes e audio a programas de secuenciación dinámica e edición.</p> <p>Técnicas de secuenciación dinámica de imaxes fixas, gráficos vectoriais e outros elementos: frame a frame, stopmotion, interpolación e morphing. Movemento por trazados ou guías. Movemento de máscaras de ocultación. Creación de secuencias cíclicas de serie</p> <p>Técnicas de edición en liña de tempos: edicións por inserción, superposición e extracción. Axuste fino de edicións. Tipos e parámetros de transicións.</p> <p>Xeración de rótulos fixos e en movemento: creación e edición de estilos de rótulos. Edición de rótulos en roll e crawl.</p> <p>Importación e integración de gráficos 2D e 3D: modalidades de incrustación. Axuste de canle alpha, transparencia e recorte.</p> <p>Exportación de pezas editadas a soportes e ficheiros de difusión: determinación de propiedades técnicas do material que cumpra exportar segundo o seu destino. Configuración de parámetros de saída. Adecuación de características técnicas ao soporte.</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS ESIXÍBEIS

No establecemento dos mínimos esixíbeis para acadar a avaliación positiva establécense tres apartados de obrigado cumprimento:

- a. Criterios de avaliación que acrediten as competencias mínimas que debe acadar o alumnado.
- b. Mínimos en relación coas actividades prácticas.
- c. Mínimos en relación coas probas teóricas.

a. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:
UD1

CA2.5.1 - Axustáronse na cámara fotográfica o tamaño de imaxe en píxels, a relación de aspecto, o tipo de compresión e o formato de gravación, respecto ás necesidades da toma.

CA2.6.1 - Configúrouse a cámara fotográfica para acadar unha imaxe tecnicamente correcta en relación coa iluminación da escena que se vaia captar.

UD2

CA2.3.1 - Definiuse a posta en escena e os planos en función do proxecto fotográfico.

CA2.4.1 - Organizáronse no encadramento da toma os elementos e as persoas participantes, en relación co estilo da reportaxe.

UD4

CA3.2.2 - Corrixíronse dominantes de cor, defectos e outras anomalías dos orixinais analóxicos de imaxe fixa, mediante a aplicación específica de tratamento dixital.

CA3.3 - Realizáronse os axustes necesarios de contraste, equilibrio de gris, brillo e saturación, adaptando o resultado ás características do medio ou soporte final das imaxes.

CA3.4 - Elimináronse defectos, impurezas e elementos non desexados, empregando técnicas e ferramentas de retoque dixital de imaxes.

CA3.5 - Adaptáronse e axustáronse as imaxes ás características técnicas do medio ou soporte final, garantindo, de ser o caso, o rexistro espazo-temporal e a continuidade das secuencias de imaxes fixas necesarias para a elaboración do material visual.

UD7

CA2.4.2 - Organizáronse no encadramento da toma os elementos e as persoas participantes, en relación co punto de vista da cámara de vídeo e o estilo musical da proxección.

CA2.5.2 - Axustáronse na cámara de vídeo o tamaño de imaxe en píxels, a relación de aspecto, o número de imaxes por segundo, o formato progresivo ou entrelazado, o tipo de compresión e o formato de gravación, respecto ás necesidades da toma.

CA2.6.4 - Axustáronse os parámetros de temperatura de cor, diafragma e obturación, distancia focal e enfoque en cámaras de vídeo, en relación coa iluminación da escena que se vaia captar.

UD8

CA6.1.1 - Configurouse o proxecto na aplicación de secuenciación dinámica de gráficos e imaxes fixas ou de edición non lineal, considerando o formato adecuado ao material orixinal e á difusión final do loop de vídeo.

CA6.1.2 - Axustáronse na aplicación de edición non lineal o tamaño da imaxe en píxels, relación de aspecto da imaxe e dos píxels, número de imaxes por segundo, formato progresivo ou entrelazado, tipo de compresión e opcións de audio.

CA6.2.1 - Montáronse os clips de vídeo e os elementos sonoros na liña de tempo do programa de secuenciación dinámica ou de edición, realizando transicións entre planos e sincronizando, de ser o caso, a duración da imaxe co audio.

CA6.2.2 - Montáronse os clips de vídeo, os gráficos e a pista musical na liña de tempo do programa de secuenciación dinámica ou de edición, establecendo un bucle e sincronizando a duración da imaxe co audio.

CA6.2.3 - Editáronse os elementos sonoros na liña de tempo do programa de secuenciación dinámica ou de edición, axustando os niveis de volume dos clips de audio para crear a banda sonora.

CA6.5.1 - Exportouse a serie de imaxes desde o programa de secuenciación dinámica ou de edición a un ficheiro co formato necesario, para a súa posterior publicación nunha plataforma de vídeo online.

CA6.5.2 - Exportouse o loop de vídeo desde o programa de secuenciación dinámica ou de edición a un ficheiro co formato necesario, para a súa posterior exhibición nunha proxección pública de pezas de vídeoarte.

b. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS ACTIVIDADES PRÁCTICAS:

- Nas actividades prácticas a nota final será o 60%, onde será a sumatoria sen penalizacións no proceso ensino-aprendizaxe, tanto en contidos como en procedementos.
- Establécese unha redución do 50% sobre a calificación final en caso de entrega fóra de prazo sen xustificación.
- Indicaranse os criterios de avaliación e o valor asignado a cada un no enunciado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Canto aos criterios de cualificación, faranse tres avaliacións, unha por trimestre, e outra avaliación final. O peso das avaliacións é o seguinte:

1ª Avaliación 35% + 2ª Avaliación 35% + 3ª Avaliación 30% / Avaliación Final 100%

Para superar o módulo é preciso obter unha cualificación media de 5 sen penalizacións no proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final consistirá nun exame teórico-práctico no que se abordarán contidos de todo o temario do módulo.

Á hora de establecer a calificación, se houbera decimais redondearase ao número enteiro máis próximo.

A cualificación trimestral valorará os seguintes apartados:

Parte teórica: Probas escritas: 40% da nota

Parte instrumental: Traballos prácticos: 60% da nota

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Na recuperación das partes non superadas establécense dous procedementos, un a aplicar ao longo do curso, dado o carácter continuo da avaliación, e outro entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, tal e como recolle a Orde do 12 de xullo de 2011.

- Actividades de recuperación a realizar ao longo do curso: Consistirán na realización, en horario non lectivo, dunha versión simplificada e tutelada das actividades non superadas, con seguemento a través de entregas parciais e orientación por parte do profesor, buscando sempre a adquisición dos mínimos esixibéis por parte do alumnado.

A efectos de calcular a cualificación final da UD, en caso de adquirir tódolos mínimos establecidos nunha actividade, obterase unha cualificación equivalente ao 50% da cualificación máxima establecida para a

actividade orixinal.

Dacordo co artigo 29 da Orde, para o alumnado que teña o módulo pendente logo de realizada a terceira avaliación parcial, realizarase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación finais.

- Actividades de recuperación finais: Consistirán na realización de exercicios prácticos, tarefas concretas cun plantexamento sinxelo e pautado, orientadas á adquisición dos mínimos esixíbeis pendentes en cada unha das UD. Estas actividades levaranse a cabo en horario lectivo na terceira semana de xuño, entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.

A efectos de calcular a cualificación final do módulo, en caso de adquirir tódolos mínimos establecidos nunha UD, obterase unha cualificación de 5 na mesma, nota sobre a que se aplicará a ponderación correspondente ao peso de dita UD na avaliación.

Finalmente, e dacordo co artigo 39 da Orde, no caso de que un alumno promocióne co módulo de Toma e edición dixital de imaxe pendente, o profesor responsábel colaborará co titor do grupo na elaboración dun informe de avaliación individualizado onde se reflicta a información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumno.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Dacordo co artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria previa á avaliación final do módulo. Dita perda de dereito producírase cando o alumno acumule faltas de asistencia equivalentes ao 10% das sesións do módulo, (24 horas), e en calquera caso, o alumno deberá ser apercibido cando chegue ao 6% das sesións do módulo, (15 horas). A proba, a realizar entre a segunda e a terceira semana de xuño, estará deseñada de forma consensuada polos profesores que imparten o módulo de Toma e edición dixital de imaxe en ordinario e modular, e constará de dúas partes:

- A 1ª parte será unha proba tipo test sobre coñecementos teóricos, cunha duración de 90 minutos. O test constará de 100 preguntas e 4 opcións de resposta, das cales só unha será a correcta. Cada resposta correcta terá un valor de 0,1ptos, cada erro restará 0,025ptos, e a omisión non penalizará.
- A 2ª parte consistirá nunha proba de carácter práctico, incluídos supostos prácticos escritos, que durará ao redor de 180 minutos. As probas prácticas incluírán 5 grandes bloques procedimentais: a captación de imaxes dixitais, a edición de imaxes de mapa de bits, a edición de imaxes vectoriais, a gravación de imaxes de vídeo e a edición dixital de vídeo.

Cada parte cualificarase numéricamente de 0 a 10 e será necesario obter unha cualificación mínima de 5 en cada unha delas para aprobar o módulo. A nota final será numérica correspondéndose coa media aritmética das cualificacións obtidas por cada unha das partes, expresada con números enteiros e redondeada conforme ao indicado nos criterios de cualificación do módulo. En caso de non acadarse un mínimo de 5 en cada unha das partes, a máxima cualificación final obtíbel será de 4 puntos, suspendendo o módulo.

Relizaranse así mesmo dous descansos de 15 minutos cada un. Un primeiro descanso entre as probas teórica e práctica, e un segundo no ecuador da proba práctica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ao longo do curso académico, e coincidindo coa data de finalización das 16 actividades previstas nesta programación, o profesor responsábel levará a cabo un seguimento da programación na aplicación informática específica, seguimento que se extenderá ás reunións de departamento mensuais, tal e como recolle o artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, e cuxa finalidade é, por un lado, comprobar periodicamente o grao de cumprimento do programado, e por outro lado, proporcionar información que desemboque en posibles propostas de mellora ou modificacións para vindeiros cursos.

No seguimento da programación valoraranse os aspectos positivos e os aspectos a mellorar dos seguintes puntos:

- A consecución dos obxectivos marcados, e a súa adecuación ás características e necesidades do alumnado.
- O desenvolvemento da totalidade dos contidos, especialmente os contidos mínimos, e a idoneidade da selección e distribución.
- A idoneidade da metodoloxía para conseguir os obxectivos marcados e desenvolver os contidos programados.
- A calidade e a cantidade de recursos didácticos empregados.
- A coherencia dos criterios de avaliación e a idoneidade dos instrumentos empregados para avaliar ao alumnado.
- A correlación das actividades de recuperación cos resultados obtidos.
- A idoneidade das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- A conveniencia dos temas transversais e o seu tratamento a partir da resposta do alumnado.

O profesor responsábel someterase a unha avaliación da súa propia labor docente coa finalidade de mellorar a calidade da súa praxe e acadar un alto grao de comunicación e empatía co alumnado, que redunde nun mellor aproveitamento da actividade lectiva. Alén do diálogo co alumnado e a observación da actitude e traballo diario na aula, recurrirase á elaboración de cuestionarios anónimos por parte do alumnado. Estes cuestionarios, realizados ao final de cada trimestre, consistirán nunha táboa onde o alumno valorará do 1 (o máis negativo) ao 5 (o máis positivo), os seguintes items:

- A existencia dunha comunicación bidireccional entre o profesor e o alumnado.
- O emprego por parte do profesor dunha linguaxe axeitada.
- O fomento por parte do profesor do respecto e a tolerancia na aula.
- O favorecemento da participación do alumnado na aula.
- O control dos problemas de actitude e comportamento.
- A atención personalizada ao alumnado cando se require.
- A organización da aula.

- A atención captada coa proposta de actividades motivadoras.
- O grao de coordinación do profesor co resto de docentes do grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se recolle no artigo 28 da Orde do 12 de xullo de 2011, ao comezo do curso académico, levarase a cabo unha avaliación inicial destinada a coñecer as características, formación previa e capacidades de cada alumno; unha avaliación que tamén deberá servir para orientar ao alumnado en relación co perfil profesional de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son. A tal efecto, o profesor responsábel do módulo recollerá a seguinte información relativa ao alumnado:

- Cuestionario inicial: Onde se recollerá información relativa ao nivel de estudos realizados, o interese profesional ou académico na realización do ciclo, as expectativas postas no ciclo e no módulo, o eido do audiovisual de maior interese, a posesión de equipo técnico propio e as características deste, e a experiencia profesional no sector.
- Cuestionario de coñecementos previos do módulo: Baseado nos contidos do módulo e orientado ao correcto desenvolvemento das actividades de ensino aprendizaxe e á concreción das medidas de atención á diversidade, incluírá cuestións básicas relativas a 4 grandes bloques de coñecemento: a toma fotográfica, incluíndo coñecementos técnicos e referentes; a edición fotográfica, indagando na experiencia no manexo de aplicacións de edición de imaxes de mapa de bits; a toma de vídeo, incluíndo coñecementos técnicos e referentes; e a edición de vídeo, para coñecer a experiencia do alumnado no manexo de aplicacións de edición non-lineal de vídeo.

Ambos cuestionarios entregaranse ao alumnado nas primeiras sesións do curso. Unha vez cumplimentados levaranse á sesión de avaliación inicial que presidirá o titor do curso, na que participarán o xefe do departamento de orientación e o resto de equipo docente, co obxecto de coñecer as características e a formación previa de cada alumna e alumno, así como as súas capacidades, o que servirá para orientar á alumna ou alumno en relación co perfil profesional do ciclo

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A partir dos datos extraídos dos cuestionarios de avaliación inicial, e coa intención de facilitar que a totalidade do alumnado poida seguir o desenvolvemento do módulo con normalidade, adquirindo todos e cada un dos mínimos esixíbeis, estableceranse unha serie de medidas de reforzo. Ao marxe de posibles modificacións suxeitas á evolución no proceso de aprendizaxe, estas medidas son:

- O seguimento individualizado do traballo na aula, que se fará mediante a entrega por parte do alumno dun portafolio coas tarefas do día para a súa corrección.
- A aportación previa por parte do profesor de esquemas coas ideas principais dos contidos a abordar na semana entrante.
- A creación de grupos de traballo heteroxéneos nas primeiras fases do desenvolvemento das actividades.
- A resolución de dúbidas a través da atención individualizada en horario de titorías.

- A proposta de supostos prácticos de reforzo ou ampliación acompañados dun solucionario e destinaos a complementar ás actividades de ensino e aprendizaxe.

En canto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), levaranse a cabo as medidas necesarias para garantir a posibilidade de que o alumnado acade a competencia xeral do título, medidas que se resumen no principio do *¿deseño para todos¿*, citado no artigo 62 do Decreto 114/2010, que establece a accesibilidade universal ás ensinanzas da FP.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do traballo diario na aula estarán implícitas cuestións como o respecto aos compañeiros, profesores e materiais, a igualdade de mulleres e homes, ou a educación cívica e para a convivencia, que se fomentarán a partir de debates, charlas ou material audiovisual. Porén, a educación en valores xogará un papel máis importante no módulo, e así se reflicte nesta programación, coa inclusión de 3 actividades especificamente deseñadas para tratar estes aspectos transversais:

- A preocupación polo medio ambiente. Tratarase na actividade 5, *¿Documerica na aula¿*, onde o alumnado tomará conciencia da problemática do cambio climático e a importancia da protección medio ambiental, mentres traballa na aprendizaxe de contidos relacionados coa toma fotográfica.

- A prevención da violencia de xénero. Abordarase na actividade 11, *¿Dada en mapa de bits¿*, onde o alumnado reflexionará, discutirá e sacará as súas propias conclusións sobre esa lacra que é a violencia machista, para posteriormente traducir os seus sentimentos nunha creación visual, un collage no que se traballará a edición e manipulación dixital de imaxes de mapa de bits.

- A tolerancia e o respecto entre culturas. Tratarase na actividade 14, *¿Videopuzzle for change¿*, na que se despertará a conciencia crítica do alumnado cara ás actitudes racistas e xenófobas, e se promoverá unha conciencia tolerante e pacifista ao tempo que aprenden as técnicas fundamentais da toma de vídeo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias terán lugar en horario lectivo, serán de asistencia obrigatoria, e tratarán de achegar ao alumnado a cultura audiovisual e a experiencia dos profesionais do seu entorno máis cercano. Consistirán en:

- AC.1. Visita á Cidade da Cultura, ao CGAC ou á Fundación Abanca para ver unha mostra fotográfica. Os alumnos tomarán notas descritivas daquelas fotografías que consideren destacábeis ou non, e posteriormente comentarase na aula para coñecer as preferencias e os motivos da súa elección.



- AC.2. Recibir na aula a visita dun fotógrafo e/ou retocador dixital, profesional dunha das empresas colaboradoras co ciclo a través da FCT, que impartirá unha charla para dar a coñecer a súa experiencia personal ao alumnado. A clase ao completo consensuará unha batería de preguntas para coñecer as peculiaridades do oficio.
- AC.3. Recibir na aula a visita dun exalumno do ciclo e actual profesional do sector audiovisual no eido do vídeo. O invitado aportará a súa visión persoal do título e as facilidades ou dificultades de acceso ao mundo laboral.

As actividades extraescolares non se realizarán en horario lectivo e tampouco serán de asistencia obrigatoria, aconsellándose en todo caso a participación de todo o alumnado. Malia depender do Consello Escolar para a súa materialización, a proposta incluíría:

- AE.1. Participación nas charlas e actividades desenvoltas arredor do Festival Internacional de Cine Curtocircuito. A actividade acompañarase dun debate posterior na aula para confrontar impresións.
- AE.2. Visita ás instalacións da CRTVG en San Marcos (Santiago de Compostela), onde o alumnado desfrutará dos consellos e anécdotas do persoal técnico dos eidos da imaxe e o son, visitando diferentes seccións e coñecendo os recunchos da radiotelevisión pública galega.
- AE.3. Visita á Mostra de Cinema Periférico S8 en A Coruña, para participar nunha das xornadas deste importante festival de cine de vangarda.

10. Outros apartados

10.1) TEORÍA E PRÁCTICA

As materias de Toma e Edición Dixital de Imaxe e Preparación de Sesións son as dúas principais asignaturas de práctica e teoría da imaxe do CM de VDJ e Son. O seu oceánico tamaño, e a ratio de 27 alumnos por aula, dificulta enormemente a distribución equitativa de saberes e competencias dun xeito homoxéneo. Para corrixir esta eiva, os correos de APOIO TEDI con materiais vencellados á teoría e á práctica, aínda que non constitúan sempre material estritamente lectivo -cuestión que se lles aclara aos alumnos desde o principio-, son unha tentativa de reducir o impacto dun problema que é estrutural.